

REGULAMENTO TIRO TORRE DE NÚÑEZ

IV EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3 FUNDACIÓN BREOGÁN

1.DATAS.

O concurso do TIRO TORRE DE NÚÑEZ disputarase durante todas as xornadas desta IV Edición da liga Senior 3x3 Fundación Breogán.

O TIRO TORRE DE NÚÑEZ sempre se disputará ao acabar todos os partidos, exceptuando a última xornada, na que a última actividade será a final do 3x3.

2.PARTICIPANTES.

Só participará 1 xogador/a de cada un dos equipos., pero poderá ser distinto para cada día de competición debido a que cada día a competición será independente das restantes datas, e en cada xornada entregárase un XAMÓN de TORRE DE NÚÑEZ ao/a primeiro xogador/a que consiga meter unha canastra desde o medio do campo.

3. REGRAS DE COMPETICIÓN.

1. O obxectivo da competición consiste en ser o/a primeiro/a en anotar unha tripla desde o medio do campo.

2. Sempre participarán 10 xogadores/as (exceptuando o último día), un de cada un dos equipos rexistrados.

3. A orde de tiro dirímese mediante sorteo previo á competición.

4. Na primeira rolda todxs lxs xogadores/as teñen dereito a lanzar, podéndose dar dúas situacións:

a. Se non anota ningún xogador/a nesta primeira rolda, procederase a unha segunda e así de forma sucesiva ata que un/a participante consiga encestar. A partir da segunda rolda, o primeiro xogador que anote canastra será o gañador do xamón.

b. Se anota un/a xogador/a, esperarase a que realicen o seu tiro todxs xs xogadores/as. Se ninguén máis consegue anotar, o/a primeira participante proclamarase gañador/a. Se anotan máis xogadores/as, seguirase lanzando só entre elas/as. A partir da segunda rolda, gañará o primeiro en anotar.

IMPORTANTE. Non se pode pisar a liña de medio campo ao lanzar. No caso de que este feito prodúzase, darase o tiro como fallado.

4.REGRAS DE COMPETICIÓN.

O último día, venres 20 de xuño, a competición varía para abrila ao público que así o desexe.

Poderán anotarse ata media hora antes da competición e contando ata un máximo de 20 participantes en total (contando cos 10 dos equipos rexistrados).

As normas de competición serán as mesmas que para as anteriores xornadas.